

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2722 *Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais.*

A grave situación de crise económica xerou unha forte caída da actividade económica e, correlativamente, unha forte baixada na recadación de recursos por parte das entidades locais. Isto está ocasionando atrasos acumulados no pagamento das obrigas que contraeron cos seus provedores, coa conseguinte incidencia negativa na liquidez das empresas.

Por outra parte, seguen a manterse exixentes restricións de acceso ao crédito, o que, unido aos atrasos mencionados, dificulta o financiamento das empresas e a súa competitividade.

No Real decreto lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pagamento con empresas e autónomos, e no Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, aprobáronse medidas para corrixir esta situación. Para isto, instrumentouse primeiro unha operación especial de endebedamento e unha liña de avais do Instituto de Crédito Oficial para o saneamento de débedas das entidades locais e, posteriormente, unha liña de crédito para a cancelación de débedas das entidades locais con empresas e autónomos.

A escasa eficacia daquelas medidas e a perentoria situación de falta de liquidez antes descrita aconsellan a adopción inmediata de medidas urxentes e de carácter extraordinario.

Para isto, establécese a necesaria posta en marcha, por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dun mecanismo áxil de pagamento e cancelación de débedas con provedores de entidades locais e do seu financiamento. Isto permitirá subministrar liquidez ás empresas e apoiar financeiramente as entidades locais afrontando o pagamento a longo prazo das súas débedas, complementado coa debida condicionalidade fiscal e financeira.

Así, poderán acollerse ao mencionado mecanismo os provedores que teñan obrigas pendentes de pagamento con entidades locais ou calquera dos seus organismos e entidades dependentes. Ademais, esas obrigas pendentes de pagamento deben reunir varios requisitos concorrentes: ser vencidas, líquidas e exixibles; anteriores ao 1 de xaneiro de 2012 e que se trate de contratos incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Dado que o bo funcionamento do mecanismo require dunha información financeira fiable, establécese obrigas de información a cargo das entidades locais e o procedemento para o seu cumprimento, que se inician mediante un instrumento de remisión de información, certificada por parte das entidades locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que permitirá identificar o volume real de débeda cos seus provedores. A partir dese momento, as entidades locais poderán ben satisfacer as súas débedas ben acudir a unha operación financeira.

Este mecanismo de financiamento comporta unha operación de endebedamento a longo prazo e a obriga por parte das entidades locais de aprobaren un plan de axuste, que debe responder a uns criterios básicos co obxecto de garantir a sustentabilidade financeira da operación. Este plan de axuste deberá ser valorado favorablemente polo

Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para que quede autorizada a concertación da operación de endebedamento.

A concreción das condicións do mecanismo de financiamento será determinada por un acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos que se aprobará de forma inmediata.

Así, os dous primeiros artigos do presente real decreto lei regulan o obxecto e o ámbito de aplicación do mecanismo, definindo, tanto positiva como negativamente, as obrigas pendentes de pagamento que se poderían acoller a este mecanismo financeiro.

Nos artigos 3 a 6 establécense obrigas de subministración de información para as entidades locais, mediante as correspondentes certificacións. Así mesmo, recoñécese a facultade de consulta da información remitida por parte dos provedores e establécense unha obriga para as entidades locais de expediren certificacións individuais a requirimento dos provedores para faceren valer os seus dereitos de cobramento. Para pechar a regulación destas materias recóllense as consecuencias do incumprimento das obrigas de expedición da documentación anterior.

O artigo 7 establece o contido do plan de axuste que necesariamente deberán aprobar as entidades locais que pretendan concertar a operación de endebedamento a longo prazo e, en definitiva, acollerse ao mecanismo de financiamento que regula este real decreto lei. O mencionado plan deberá ser valorado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e, ademais, deberá ser a referencia ineludible para a elaboración dos orzamentos xerais das entidades locais nos exercicios que se correspondan co período de amortización daquela operación de endebedamento.

Os artigos 8 a 10 desenvolven as liñas xerais e fundamentos do mecanismo de financiamento, que se concretarán de forma inminente mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Así mesmo, régulanse os efectos extintivos que terá o aboamento das obrigas pendentes de pagamento.

Os dous últimos artigos, 11 e 12, recollen a garantía da participación das entidades locais nos tributos do Estado e a habilitación precisa para que, cando proceda, se execute aquela mediante a compensación de débedas a través das retencións que corresponda aplicar nas transferencias daquel recurso financeiro.

O mecanismo de financiamento a que se refire o presente real decreto lei exclúese, nunha disposición adicional única, do ámbito de aplicación da disposición adicional única do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro.

Ademais de establecer a entrada en vigor da presente norma, nas disposicións derradeiras habílitase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para aprobar tanto un modelo de solicitude dos certificados individuais a que se refire o artigo 4, como un modelo de plans de axuste.

No conxunto, e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade, logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 24 de febreiro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto do presente real decreto lei habilitar as condicións necesarias para permitir a cancelación por entidades locais das súas obrigas pendentes de pagamento cos seus provedores, derivadas da contratación de obras, subministracións ou servizos.

Para estes efectos, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos adoptará con carácter de urxencia os acordos pertinentes para a posta en funcionamento dos mecanismos financeiros necesarios para tal fin, conforme os requisitos e efectos previstos neste real decreto lei.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As obrigas pendentes de pagamento aos contratistas, a que se refire o artigo anterior, deben reunir todos os requisitos seguintes:

- a) Ser vencidas, líquidas e exixibles.
- b) Que a recepción no rexistro administrativo da entidade local da correspondente factura, factura rectificativa se é o caso, ou solicitude de pagamento equivalente tivese lugar antes do 1 de xaneiro de 2012.
- c) Que se trate de contratos de obras, servizos ou subministracións incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. Exclúense as obrigas contraídas polas entidades locais coa Administración xeral do Estado ou calquera dos seus organismos e entidades dependentes, a Administración das comunidades autónomas ou calquera dos seus organismos e entidades dependentes, outras entidades locais e coa Seguridade Social.

3. Enténdese por entidade local, para os efectos do disposto neste real decreto lei, todas as entidades mencionadas no artigo tres da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e todos os seus organismos e entidades dependentes que pertencen integramente ás entidades locais incluídos no Inventario de entes do sector público local regulado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria.

4. Enténdese por contratista, para os efectos do disposto neste real decreto lei, tanto o adjudicatario do contrato como o cesionario a quen lle transmitise o seu dereito de cobramento.

Artigo 3. *Obrigas de subministración de información por parte das entidades locais.*

1. As entidades locais deberán remitir por vía telemática e con sinatura electrónica ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con data límite o día 15 de marzo de 2012, unha relación certificada de todas as obrigas pendentes de pagamento que reúnan os requisitos establecidos no artigo anterior e comprensiva da seguinte información:

- a) Identificación do contratista que incluírá o código ou número de identificación fiscal, denominación social e o seu domicilio social.
- b) Importe do principal da obriga pendente de pagamento, imposto sobre o valor engadido ou imposto xeral indirecto canario incluído, se é o caso, sen inclusión de xuros, custas xudiciais ou calquera outro gasto accesorio.
- c) Data de entrada no rexistro administrativo da factura, factura rectificativa, se for o caso, ou solicitude de pagamento equivalente anterior ao 1 de xaneiro de 2012.
- d) Expresión de se o contratista instou a exixibilidade ante os tribunais de xustiza antes do 1 de xaneiro de 2012.

2. A relación certificada prevista no punto anterior será expedida polo interventor con obriga de informar o pleno da corporación local.

3. No caso en que as entidades locais tivesen acordado cos seus contratistas con anterioridade á entrada en vigor da presente norma unha cancelación fraccionada das débedas contraídas con eles, incluírase na mencionada certificación o importe total

pendente de pagamento no momento en que se emita. Nestes casos, as entidades locais deberán informar dos vencementos que se produzan ata o 31 de decembro de 2012.

4. A relación certificada que debe remitir cada entidade local, de acordo co previsto no número 1, comprenderá tamén as obrigas pendentes de pagamento correspondentes aos organismos autónomos e demais entidades dependentes que pertencen integramente ás entidades locais incluídas no Inventario de entes do sector público local regulado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria.

Artigo 4. *Consulta de información e expedición de certificados individuais por solicitude do contratista.*

1. As entidades locais permitirán aos contratistas consultaren a súa inclusión, na relación certificada remitida de acordo co artigo 3 e, en caso de estaren incluídos, poderán coñecer a información que os afecte con respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

2. Os contratistas que non consten na relación certificada remitida, de acordo co previsto no artigo 3, poderán solicitar á entidade local debedora a emisión dun certificado individual.

3. O certificado individual será expedido polo interventor nos termos e co contido previsto no artigo anterior no prazo de 15 días naturais desde a entrada da solicitude no rexistro da entidade local. Transcorrido o mencionado prazo sen que se rexeitase a solicitude, entenderase recoñecido o dereito de cobramento por silencio positivo nos termos previstos na solicitude.

4. Nos cinco primeiros días hábiles de cada mes, o interventor da entidade local comunicará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas unha relación das solicitudes de certificados individuais presentados, os certificados expedidos, os rexeitados e as solicitudes non contestadas, correspondentes ao mes inmediato anterior. As entidades locais permitirán aos contratistas consultar a súa inclusión nesta información actualizada e, en caso de estaren incluídos, poderán coñecer a información que os afecte con respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

5. O presidente da entidade local ditará as instrucións necesarias para garantir a atención aos contratistas nas súas solicitudes, a pronta emisión dos certificados individuais e o acceso á información remitida.

Artigo 5. *Efectos da expedición de certificados.*

A expedición tanto das relacións certificadas como dos certificados individuais comportará a contabilización das obrigas pendentes de pagamento, en caso de non estalo, sen que isto supoña responsabilidade do interventor nos termos previstos no artigo 188 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 6. *Consecuencias do incumprimento das obrigas de expedición de certificado.*

O incumprimento por parte dos funcionarios competentes das obrigas de expedición de certificacións e comunicacións previstas nos artigos 3 e 4 terán a consideración de faltas moi graves nos termos previstos no artigo 95 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 7. *Plan de axuste.*

1. Unha vez remitida a relación certificada prevista no artigo 3, o interventor, en caso de non se ter efectuado o pagamento das obrigas recoñecidas, elevará ao pleno da corporación local un plan de axuste, nos termos previstos neste artigo, para a súa aprobación antes do 31 de marzo de 2012.

2. O plan de axuste aprobado estenderase durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento establecida no artigo 10 e os orzamentos xerais anuais que se aproben durante este período deberán ser consistentes co mencionado plan de axuste. En todo caso, o contido do citado plan deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Recoller ingresos correntes suficientes para financiar os seus gastos correntes e a amortización das operacións de endebedamento, incluída a que se formalice no marco da presente norma;
- b) As previsións de ingresos correntes que conteña deberán ser consistentes coa evolución dos ingresos efectivamente obtidos pola respectiva entidade local nos exercicios 2009 a 2011;
- c) Un adecuado financiamento dos servizos públicos prestados mediante taxa ou prezos públicos, para o cal deberán incluír información suficiente do custo dos servizos públicos e o seu financiamento;
- d) Recoller a descrición e o calendario de aplicación das reformas estruturais que se vaian implementar así como as medidas de redución de cargas administrativas a cidadáns e empresas que se vaian adoptar, nos termos que se establezan por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos;
- e) Calquera outro requisito que se estableza por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. O plan de axuste poderá incluír modificación da organización da corporación local.

4. O plan de axuste deberá ser remitido pola entidade local o día seguinte ao da súa aprobación polo pleno ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por vía telemática e con sinatura electrónica, quen realizará unha valoración do plan presentado, e comunicarlle á entidade local nun prazo de 30 días naturais contados desde a recepción do plan. Transcorrido o dito prazo sen comunicación da citada valoración, esta considerárase desfavorable.

5. Valorado favorablemente o plan de axuste entenderase autorizada a operación de endebedamento prevista no artigo 10.

Artigo 8. *Mecanismo de financiamento.*

O mecanismo de financiamento que para estes efectos se poña en funcionamento por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos axustarase aos seguintes termos:

1. O mecanismo de financiamento poderá desenvolverse en fases temporais sucesivas que non excederán o ano 2012.

2. Poderán establecerse como criterios para prioridade de pagamento, entre outros, os seguintes:

- a) Desconto ofertado sobre o importe do principal da obriga pendente de pagamento.
- b) Que se trate dunha obriga pendente de pagamento cuxa exhibibilidade se instase ante os tribunais de xustiza antes do 1 de xaneiro de 2012.
- c) A antigüidade da obriga pendente de pagamento.

3. En cada fase poderase establecer un desconto mínimo que ofertará o contratista sobre o importe do principal da obriga pendente de pagamento para que se lle poida aboar ao contratista. Igualmente, poderase fixar un importe global e máximo de financiamento para cada fase.

4. En cada fase poderán establecerse tramos específicos para pequenas e medianas empresas e para autónomos.

Artigo 9. Efectos do aboamento das obrigas pendentes de pagamento.

1. Os contratistas que figuren na relación prevista no artigo 3 e aqueles que teñan dereito ao cobramento de acordo co artigo 4 poderán voluntariamente facelo efectivo mediante presentación para o cobramento nas entidades de crédito.

2. O aboamento a favor do contratista comporta a extinción da débeda contraída pola entidade local co contratista polo principal, os xuros, custas xudiciais e calquera outro gasto accesorio.

3. As entidades de crédito facilitaran ás entidades locais e ao contratista documento xustificativo do aboamento, que determinará a terminación do proceso xudicial, se o houber, por satisfacción extraprocesual de conformidade co sinalado no artigo 22.1 da Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

Artigo 10. Operacións de endebedamento.

1. As entidades locais poderán financiar as obrigas de pagamento aboadas no mecanismo mediante a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo cuxas condicións financeiras serán fixadas por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

2. A operación de endebedamento poderá comportar a cesión ao Estado dos dereitos da entidade local en canto á súa participación nos tributos do Estado na cantidade necesaria para facer fronte á amortización das ditas obrigas de pagamento, sen que poida afectar o cumprimento das demais obrigas derivadas das operacións de endebedamento financeiro recollidas no plan de axuste.

3. A operación de endebedamento deberá ser incorporada, no prazo máximo dun mes contado desde a data da súa formalización, na Central de Información de Riscos das entidades locais, de acordo co disposto no artigo 55 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 24 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, e as súas normas de desenvolvemento.

4. A xeración de remanente de tesouraría negativo para gastos xerais no período de amortización daquela operación de endebedamento comportará a prohibición de realizar investimentos novos no exercicio seguinte financiados con endebedamento, sexan estes materiais, inmateriais ou financeiros, directos, ou indirectos a través de subvencións concedidas a entidades dependentes.

5. No suposto de que a operación de endebedamento se destine, total ou parcialmente, á cobertura de obrigas que quedaron pendentes de aplicar a orzamento, estas deberán recoñecerse na súa totalidade no orzamento vixente para 2012, con cargo ao importe que corresponda do total financiado.

Artigo 11. Aplicación prevista na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No caso de que as entidades locais non concerten a operación de endebedamento citada, ou no caso de que a concertasen e incumpran coas obrigas de pagamento derivadas dela, o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou organismo público competente efectuará as retencións que procedan con cargo ás ordes de pagamento que se emitan para satisfacer a súa participación nos tributos do Estado, sen que poida afectar o cumprimento das demais obrigas derivadas das operacións de endebedamento financeiro recollidas no plan de axuste. Para isto aplicarase o réxime previsto para os acredores públicos na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o que, se for o caso e en desenvolvemento daquela, dispoñan as leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 12. *Ámbito obxectivo de aplicación da retención.*

O previsto no artigo anterior aplicarase a débedas firmes contraídas polas entidades locais exclusivamente no marco e durante o período de vixencia do mecanismo de financiamento que sexa aprobado pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aínda que as retencións que deba practicar o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderán estenderse, se for necesario, aos exercicios seguintes.

Disposición adicional única. *Exclusión do ámbito de aplicación da disposición adicional única do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.*

O mecanismo de financiamento a que se refire o presente real decreto lei quedará excluído do ámbito de aplicación da disposición adicional única do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobada polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Modelo de solicitude de certificado.*

O ministro de Facenda e Administracións Públicas aprobará, antes do 12 de marzo de 2012 e mediante orde ministerial, un modelo de solicitude do certificado previsto no artigo 4 e os modelos de plans de axuste a que se poderán acoller as entidades locais.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habíltase o Goberno e o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de febreiro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY